



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 31 DE MARZO DE 2026

PRESIDENTA:

D^a Diana Piñeiro Fernández

ASISTENTES:

D. Rubén Vázquez Pérez
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez
D. Raúl Varela Fraguio
D. Manuel Castro Uzal

NON ASISTE:

D^a Patricia Esther Espiñeira Galán

INTERVENTORA ACCIDENTAL:

D^a Sonia Machín Herranz

SECRETARIA XERAL:

D^a. Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas do día trinta e un de marzo do ano dous mil vinte e seis, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D^a. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, , D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Non asiste á sesión a Sra. concelleira D^a Patricia Esther Espiñeira Galán.

Asiste á sesión a interventora accidental, D^a Sonia Machín Herranz e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D^a Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.c) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 24 DE MARZO DE 2026

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 24 de marzo de 2026, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./a concelleiros/a asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 24 de marzo de 2026.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:



- Instituto Galego da Vivenda e Solo, Resolución de 18 de marzo de 2026, pola que se convoca o acceso ao Fondo de cooperación cos concellos para o apoio ao financiamento da promoción de vivenda protexida de nova construción para a anualidade 2026 (código de procedemento VI406I). DOG número 56, de 25-03-2026.

- Instituto Galego da Vivenda e Solo, Resolución de 18 de marzo de 2026, pola que se convoca o acceso ao Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes para a anualidade 2026 (código de procedemento VI438A). DOG número 56, de 25-03-2026.

- Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, Orde de 12 de marzo de 2026, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais de Galicia, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento CT211B). DOG número 60, de 31-03-2026.

3.- PROPOSTAS

3.1. PROPOSTA RELATIVA Á DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEFINITIVA DEPOSITADA PARA GARANTIR A EXECUCIÓN DO LOTE 1 “SERVIZO DE ESPECTÁCULOS DE MÚSICA EN DIRECTO DE CINCO GRUPOS ARTÍSTICOS” DA “CONTRATACIÓN ARTÍSTICA E PRODUCCIÓN DO XXXII FESTIVAL ROCK IN CAMBRE 2024”. EXPEDIENTE TEDEC NÚMERO 2024/C004/000010

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 25 de marzo de 2026 (CVD: 8n1WUubDGqi0y4JzAYI0), que transcrita di:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

Visto que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 6 de agosto de 2024, acordou adjudicar o Lote 1 “Servizo de espectáculos de música en directo de cinco grupos artísticos” do expediente número 2024/C004/000010 de “Contratación artística e produción do XXXII Festival Rock in Cambre 2024”, á entidade mercantil Alboroto Producciones, S.L. no prezo ofertado de 49.900,00 euros sen IVE (60.379,00 euros IVE incluído).

Visto que no antedito expediente a entidade Alboroto Producciones, S.L. achegou unha fianza definitiva, mediante transferencia bancaria, por importe de 2.495,00 €, a cal foi depositada na Tesourería municipal con data 16 de xullo de 2024 (núm. rexistro 1142).

Visto o escrito presentado por don Javier Sevilla Ródenas, segundo di en representación da entidade Alboroto Producciones, S.L., con data 13 de xaneiro de 2025 (núm. de rexistro de entrada 202599900000155) no que solicita a devolución da garantía depositada para garantir a correcta execución do contrato.

Visto o informe do coordinador de actividades culturais e educativas de data 17 de outubro de 2025 (CVD: wz11Nh/fsgpzavpvcIctx) que, entre outras cousas, di:

“(…)



Tendo transcorrido o prazo de garantía do servizo, e a teor do establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o técnico informante fai constar:

1.- Que por parte do informante non se formula ningunha obxección, polo que pode considerarse extinguida a responsabilidade do contratista e levar a cabo a devolución do depósito definitivo constituído por importe de 2.495,00 euros.”.

Visto o informe da interventora accidental, de data 16 de marzo de 2026 (CVD: 0Yj5E0wXPIINMA5p6wY8), que, entre outras cousas, di:

“(…)

IV) CONCLUSIONS

Infórmase **favorablemente** a devolución de la garantía depositada por “Alboroto Producciones, S.L.” por importe de 2.495,00 € correspondente ao LOTE 1 “CONTRATACIÓN ARTÍSTICA Y PRODUCCIÓN DEL XXXII FESTIVAL ROCK IN CAMBRE 2024” do contrato administrativo de execución da contratación artística e produción do XXXII festival “ROCK IN CAMBRE 2024” (...)

Visto canto antecede, e vista a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver á entidade mercantil “Alboroto Producciones, S.L.”, con CIF B02471746, a fianza definitiva por importe de 2.495,00 euros, depositada no expediente número 2024/C004/000010 para garantir a execución do Lote 1 “Servizo de espectáculos de música en directo de cinco grupos artísticos” da “Contratación artística e produción do XXXII Festival Rock in Cambre 2024”.

Segundo: Notificar este acordo ao interesado e dar traslado á Intervención e Tesourería municipais.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante a señora alcaldesa [artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local].

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente”.

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 25 de marzo de 2026 (CVD: 8n1WUubDGqi0y4JzAYI0), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./a concelleiros/a asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.



3.2. PROPOSTA RELATIVA Á DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEFINITIVA DEPOSITADA PARA GARANTIR A EXECUCIÓN DA “CONTRATACIÓN ARTÍSTICA E PRODUCCIÓN DO XXXIII FESTIVAL ROCK IN CAMBRE 2025”. EXPEDIENTE TEDEC NÚMERO 2025/C004/000011

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 25 de marzo de 2026 (CVD: LKxDVqm5vHcQ240s0S9e), que transcrita di:

“PROPOSTA DO CONCELEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

Visto que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 26 de setembro de 2025, acordou adxudicar a “Contratación artística e produción do XXXIII Festival Rock in Cambre 2025” á entidade mercantil Alboroto Producciones, S.L., no prezo ofertado de 97.000,00 euros sen IVE (117.370,00 euros IVE incluído), formalizándose o contrato administrativo en data 26 de setembro de 2025 (expediente núm. 2025/C004/000011).

Visto que no antedito expediente a entidade Alboroto Producciones, S.L. achegou unha fianza definitiva, mediante transferencia bancaria, por importe de 4.850,00 €, a cal foi depositada na Tesourería municipal con data 11 de setembro de 2025 (núm. rexistro 1171).

Visto o escrito presentado por don Javier Sevilla Ródenas, segundo di en representación da entidade Alboroto Producciones, S.L., con data 26 de decembro de 2025 (núm. de rexistro de entrada 202599900008068) no que solicita a devolución da garantía depositada para garantir a correcta execución do contrato.

Visto o informe do coordinador de actividades culturais e educativas de data 24 de febreiro de 2026 (CVD: EiR6SeNPxS7O3D0mRHAa) que, entre outras cousas, di:

“(…)

Tendo transcorrido o prazo de garantía do servizo, e a teor do establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o técnico informante fai constar:

1.- Que por parte do informante non se formula ningunha obxección, polo que pode considerarse extinguida a responsabilidade do contratista e levar a cabo a devolución do depósito definitivo constituído por importe de 4.850,00 euros.”

Visto o informe da interventora accidental, de data 16 de marzo de 2026 (CVD: 8MzJuulJJPJR7xJFok4i), que, entre outras cousas, di:

“(…)

IV) CONCLUSIONS

Infórmase **favorablemente** a devolución de la garantía depositada por “Alboroto Producciones, S.L.” por importe de 4.850,00 € correspondente á Contratación artística y produción del XXXIII Festival Rock in Cambre 2025.

“(…)”



Visto canto antecede, e vista a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver á entidade mercantil “Alboroto Producciones, S.L.”, con CIF B02471746, a fianza definitiva por importe de 4.850,00 euros, depositada no expediente 2025/C004/000011 para garantir a execución da “Contratación artística e produción do XXXIII Festival Rock in Cambre 2025”.

Segundo: Notificar este acordo ao interesado e dar traslado á Intervención e Tesourería municipais.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante a señora alcaldesa [artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local].

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente”.

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 25 de marzo de 2026 (CVD LKxDVqm5vHcQ240s0S9e), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./a concelleiros/a asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 20 de marzo de 2026 ao 26 de marzo de 2026, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 234/2026 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 259/2026, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
234/2026	20/03/2026	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 24 de marzo de 2026
235/2026	20/03/2026	Levantar os reparos formulados pola intervención municipal no seu informe de data 26.11.2024. isto con base no informe do coordinador de actividades culturais e educativas, co conforme do concelleiro delegado da área de Turismo, Patrimonio, Sanidade, Deportes e

		Xuventude, de data 10.02.2026. Aprobar a conta xustificativa correspondente ao cumprimento de obrigas derivadas do convenio de colaboración para a promoción do baloncesto 2022, sendo o importe de gastos válidos xustificados de 48.072,58, e 35.570,63 euros o importe de ingresos afectos imputables ao obxecto do convenio. Recoñecer e liquidar obrigas a prol do Club Baloncesto Cambre en concepto de achega única correspondente ao convenio de colaboración co Club Baloncesto Cambre para a promoción do baloncesto no 2022, por importe de 9.000,00 euros
236/2026	20/03/2026	Levantar os reparos formulados pola intervención municipal no seu informe de data 12.11.2024, isto con base no informe proposta asinado polo coordinador de actividades culturais e educativas o 09.02.2026, coa conformidade do concelleiro delegado de data 10.02.2026. Recoñecer e liquidar obrigas a prol da Asociación de Clubs de Fútbol de Cambre, para a distribución aos clubs beneficiarios en concepto de achega única correspondente ao convenio de colaboración para a promoción do fútbol tempada 2021/2022, por importe de 27.900,00 euros
237/2026	20/03/2026	Asignar á funcionaria responsable da Axencia de Desenvolvemento Local, AMPRT, as funcións do xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, durante o período de baixa de FMGN, quen retomará o desempeño das ditas funcións no momento da súa alta, todo isto sempre e cando non teña lugar previamente a reincorporación do titular do posto
238/2026	20/03/2026	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención de data 10.03.2026, tendo en conta os informe emitidos polo axente de protección civil, en funcións de coordinador do servizo de emerxencia e protección civil, con data 12.03.2026, polo oficial, en funcións de xefe da Policía local con data 13.03.2026 e pola coordinadora de servizos sociais con data 13.03.2026. Aprobar as facturas por un importe total de 85.003,78 euros
239/2026	20/03/2026	Aprobar a liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendementos do traballo ao persoal municipal no mes de febreiro de 2026 por importe de 63.894,34 euros
240/2026	23/03/2026	Autorizar, dispoñer, recoñecer e liquidar obrigas por importe de 4.570,56 euros en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios a ARF, arquitecto municipal do Concello de Cedeira, en virtude do convenio interadministrativo de colaboración en materia de recursos humanos suscrito entre o Concello de Cambre e o Concello de Cedeira aprobado por Resolución da Alcaldía nº 912/2025 de data 26 de setembro de 2025
241/2026	23/03/2026	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 26 de marzo de 2026
242/2026	24/03/2026	Expedientes sancionadores de tráfico
243/2026	24/03/2026	Aprobar a adhesión ao convenio publicado no DOG do 29 de decembro de 2025 entre a Xunta de Galicia e SEAGA para a xestión da biomasa nas faixas secundarias
244/2026	24/03/2026	Nomear a RCS axente de protección civil interino, encadrado na



		escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional "C2" e adscrito ao departamento de Protección Civil
245/2026	24/03/2026	Aprobar e dispor o gasto, e recoñecer e liquidar obrigas a prol de BG ySA SL por importe de 2.306,43 euros, en concepto de xuros, e por importe de 200,00 euros en concepto de costes de cobro, en execución de sentenza do Xulgado contencioso administrativo nº 1 da Coruña recaída no procedemento abreviado 125/2025
246/2026	24/03/2026	Modificar o horario de celebración da sesión extraordinaria da Comisión Especial de Contas convocada para o día 27 de marzo de 2026, que pasará a celebrarse ás 10:00 horas da mañá
247/2026	24/03/2026	Expedientes sancionadores de tráfico
248/2026	25/03/2026	Autorizar a FJME a que preste servizos como condutor asalariado a xornada completa e con dedicación exclusiva, adscrito á licenza de taxi pertencente a JLSF, isto de conformidade co establecido no artigo 20 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de vehículos de personas en vehículos de turismo de Galicia e no artigo 37.2 do Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da citada Lei
249/2026	25/03/2026	Comparecer no procedemento ordinario 37/2026 LIV, S.L., contra a desestimación presunta, por silencio negativo, do concello de Cambre da reclamación presentada en data 12.05.2025 de principal e xuros de mora, e costes de cobro correspondentes, ao contrato de mantemento de zonas axardinadas do termo numicipal de Cambre, respecto das facturas emitidas durante o período comprendido entre o 31.10.2024 e o 28.02.2025, perante o Tribunal da Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, praza nº 3 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da excma. Deputación provincial
250/2026	25/03/2026	Autorizar a MGGE a que preste servizos como condutor asalariado, a xornada completa e con dedicación exclusiva, adscrito á licenza de taxi pertencente a AAS isto de conformidade co establecido no artigo 20 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de vehículos de personas en vehículos de turismo de Galicia e no artigo 37.2 do Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da citada Le
251/2026	25/03/2026	Aprobar a nómina de atrasos correspondente aos incrementos retributivos aprobados polo Real DecretoLei 4/2024, de 26 de xuño, a Orde PJC/681/2025, de 1 de xullo e o Real Decreto-Lei 14/2025, de 2 de decembro "Incrementos salariais do ano 2024 e de xaneiro a novembro de 2025"
252/2026	25/03/2026	Corrección de erro material e erro aritmético na resolución nº 1291/2025 de data 19 de decembro de 2025, de aprobación de gratificacións por servizos extraordinarios á técnica de xestión de Administración Xeral, en virtude do convenio interadministrativo de colaboración en materia de recursos humanos suscrito entre os concellos de Cambre e Culleredo



253/2026	25/03/2026	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 4 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MTCR
254/2026	25/03/2026	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MEDD
259/2026	26/03/2026	Ratificar a Resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 240/2026, do 23 de marzo, e, polo tanto, autorizar, dispoñer, recoñecer e liquidar obrigas por importe de 4.570,56 euros en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios a ARF arquitecto municipal do Concello de Cedeira, en virtude do convenio interadministrativo de colaboración en materia de recursos humanos suscrito entre o Concello de Cambre e o Concello de Cedeira aprobado por Resolución da Alcaldía nº 912/2025 de data 26 de setembro de 2025

5.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

A Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Varela Fraguio quen, unha vez concedido, manifesta que quere facer o seguinte rogo: di que no pleno do mes de febreiro formulouse por él o de regular o uso de locais, e que redactou un borrador, que enviou por correo electrónico hoxe para que se estude, co ánimo de colaborar á vista da falta de persoal, para que se examine por persoal de Cultura.

A continuación, o Sr. Varela Fraguio pregunta ao Sr. Lamela Vázquez por que se pecharon os locais de ensaio.

A Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Lamela Vázquez quen, unha vez concedido, manifesta que se pecharon debido a queixas dunha veciña; que se comprobou o ruído e que se viu que a veciña tiña razón.

A Sra. presidenta intervén e manifesta que mentres tanto os ensaios se derivaron ao centro de formación.



E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e dez minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo